

Lei 13/1988, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1989

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 309, do 28.10.1988.

Emendas á totalidade, BOPG núm. 317, do 19.11.1988.

Emendas parciais, BOPG núm. 320, do 29.11.1988.

Debate de totalidade, DSPG núms. 105, do 23.11.1988; 106, do 24.11.1988, e 107, do 25.11.1988.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 323, do 10.12.1988.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 327, do 23.12.1988.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 327, do 23.12.1988.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núms. 110, do 27.12.1988; 111, do 28.12.1988, e 112, do 29.12.1988.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 331, do 30.12.1988.

Corrección de erros: BOPG núm. 343, do 22.2.1989.

Diario Oficial de Galicia núm. 251, do 31.12.1988. Corrección de erros: DOG núm. 87, do 8.5.1989.

Boletín Oficial del Estado núm. 36, do 11.2.1989. Corrección de erros: BOE núm. 144, do 17.6.1989.

Lei 13/1988, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1989

Pola Lei 2/1990, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1990, mantívose a vixencia dos artigos 14.2 e 15.

Cumprindo o mandato establecido polo artigo 53 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a presente Lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1989, formulada baixo o principio de unidade presupostaria, supón a aprobación simultánea de tódolos ingresos e os gastos da Comunidade Autónoma, co que se consegue ordenar estes últimos segundo a súa prioridade e, polo tanto, un control político eficaz sobre os mesmos.

Por outra parte, sen abandona-la idea de legalidade, pon especial énfase no principio de eficacia e racionalidade do gasto público reforzando os mecanismos de control de resultados por medio dos programas presupostarios.

Neste contexto de obxectivos preséntanse os ingresos clasificados, segundo a súa natureza económica, en provenientes de operacións correntes e provenientes de operacións de capital e os gastos baixo unha clasificación orgánica, económica, funcional e por programas. Profundízase ademais na territorialización para evitar desequilibrios.

Cumprindo, igualmente, co determinado polo artigo 36 da Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, no proceso de elaboración tiveronse en conta os principios contables de universalidade, non afectación de ingresos a determinados gastos e anualidade.

Co primeiro, que vai máis lonxe có de unidade, cúmprese o establecido no artigo 40 da citada Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia e, así mesmo, cuantifícanse os beneficios fiscais que afectan ós ingresos estimados. Con isto conséguese un control efectivo do Parlamento sobre os gastos e os ingresos e contribúese á transparencia na execución presupostaria.

O principio de non afectación permitiu, desde a perspectiva do financiamento básico e incondicionado, a reasignación de recursos e a priorización de gastos conseguindo conte-lo gasto corrente, sen desatende-lo bo funcionamento dos servicios, logo de racionalización, con repercusión positiva nos capítulos de investimentos e trans-

ferencias de capital, que se ven así mellorados con cargo ós ingresos desta natureza. Evitouse con isto a elaboración duns Presupostos meramente incrementalistas.

Por último, o principio de temporalidade, que se refire á súa duración, e que recolle a Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia no seu artigo 33, queda plasmado nas estimacións e valoracións da presente Lei, á que se lle une a documentación determinada no apartado 6 do mencionado artigo 36.

Noutra orde, para evita-las variacións introducidas en cada exercicio sobre modificacións de créditos, que veñen impostas pola necesidade de flexibiliza-los procedementos de execución presupostaria, adecuándose á dinámica da actividade administrativa, sen mingua da eficacia do control que respecto de tales procedementos debe seguirse, dáselles unha nova redacción a determinados artigos da Lei 3/1984, do 3 de abril.

Intégranse dous novos organismos autónomos, un de carácter administrativo, o Instituto Galego de Estadística, e outro de carácter industrial e financeiro, o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Cos ditos organismos e co xa existente, Escola Galega de Administración Pública, establécense, ó integralos nos da Administración da Comunidade, os Presupostos consolidados da mesma, que se reflexan por funcións no artigo 2 desta Lei.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma galega para 1989.

Título I

Dos créditos e das súas modificacións

Capítulo I

Créditos iniciais e financiamento dos mesmos

Artigo 1. Dos créditos iniciais.

1. Apróbanse os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 1989, integrados por:

- a) O presuposto da Comunidade Autónoma.
- b) Os presupostos dos organismos autónomos da Comunidade Autónoma de carácter administrativo.
- c) O presuposto do organismo autónomo da Comunidade Autónoma de carácter industrial e financeiro Instituto Galego da Vivenda e Solo.
- d) O presuposto da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e

os das sociedades para a xestión dos servizos públicos de radiodifusión e televisión.

e) Os presupostos das empresas públicas galegas.

2. No Estado de Gastos dos Presupostos da Comunidade Autónoma concédense créditos para atende-lo cumprimento das súas obrigas por un importe de 281.789.344.000 pesetas.

O Presuposto de Gastos da Comunidade Autónoma financiarase:

a) Cos dereitos económicos que se liquidarán no exercicio, estimados nun importe de 255.789.344.000 pesetas.

b) Con operacións de endebedamento reguladas no artigo 22 desta Lei.

Os créditos correspondentes ós servizos transferidos do Instituto Nacional de Servizos Sociais, por importe de 3.132.900.000 pesetas, están incluídos nos créditos consignados no Estado de Gastos e o seu financiamento no de Ingresos referidos neste punto.

Os beneficios fiscais que afectarán ós tributos cedidos da Comunidade Autónoma estímanse en 1.354.936.590 pesetas.

3. Os Estados de Gastos e Ingresos dos organismos autónomos de carácter administrativo ascenden a 319.866.950 pesetas, co seguinte detalle:

Escola Galega de Administración Pública: 25.000.000 de pesetas.

Instituto Galego de Estadística: 294.866.950 pesetas.

Os Estados de Gastos e Ingresos do organismo autónomo de carácter industrial e financeiro Instituto Galego da Vivenda e Solo ascenden a 8.757.852.549 pesetas.

4. No presuposto da Compañía de Radio-Televisión de Galicia concédense as dotacións necesarias para atende-lo desenvolvemento das súas actividades por un importe total de 786.105.000 pesetas para explotación e 175.000.000 de pesetas para capital, estimándose os recursos en igual contía, incluída a subvención da Comunidade por importe de 770.105.000 pesetas para explotación e 39.457.000 pesetas para capital.

Os presupostos das sociedades para a xestión dos servizos públicos de radiodifusión e televisión ós que se refire a Lei 9/1984, do 11 de xullo, apróbanse co seguinte detalle:

Televisión de Galicia, Sociedade Anónima, por un importe total de gastos de 4.794.687.000 pesetas para explotación e 544.057.000 pesetas para capital, ascendendo os recursos a igual contía, incluída a subvención da Comunidade Autónoma por importe de 2.942.630.000 pesetas para explotación e 244.139.000 pesetas para capital.

Radio-Televisión de Galicia, Sociedade Anónima, por un importe total de gastos de 493.624.000 pesetas para explotación e 36.670.000 pesetas para capital, ascendendo os recursos a igual contía, incluída a subvención da Comunidade Autónoma por importe de 480.094.000 pesetas para explotación e 11.299.000 pesetas para capital.

Os dereitos económicos que se prevén liquidar por publicidade estímense en 1.500.000.000 de pesetas.

5. Nos presupostos das empresas públicas galegas inclúense as estimacións e previsións de gastos e ingresos referidos ás mesmas e ós seus estados financeiros en atención á peculiaridade da súa actividade específica.

Artigo 2. Distribución funcional dos créditos dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1989.

Os créditos incluídos nos Capítulos I ó IX dos Estados de Gastos dos Presupostos da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos agrúpanse en programas en función dos obxectivos que hai que conseguir. O seu importe consolidado, que ascende a 282.858.740.549 pesetas, distribúese en atención á índole das funcións que hai que realizar e polas contías que se detallan a continuación:

Alta dirección da Comunidade Autónoma	2.730.287.300
Administración xeral	2.521.301.109
Administración electoral e partidos políticos	8.000.000
Seguridade Social e protección social	19.228.492.799
Promoción social	8.628.923.505
Protección Civil	60.000.000
Sanidade	8.414.372.355
Educación	91.789.721.080
Vivenda	10.715.543.203
Benestar comunitario	1.636.932.859
Cultura	6.327.506.400
Outros servizos comunitarios e sociais	5.117.724.000
Infraestrutura básica e de transporte	25.298.028.644
Outras infraestruturas	7.605.517.548
Investigación científica, técnica e aplicada	1.691.341.372
Información estadística básica	294.866.950
Actuacións económicas xerais	800.566.774
Comercio	4.778.092.791
Actividades financeiras	4.778.092.791
Agricultura, gandería e pesca	16.210.022.673
Industria	992.469.628
Enerxía	1.971.000.000
Minería	173.000.000
Turismo	976.054.540
Reordenación industrial	3.639.471.179
Desenvolvemento empresarial	3.958.834.932
Transferencias a entidades locais	51.663.939.000
Débeda Pública	3.740.477.846

Capítulo II

Rexime xeral dos créditos e das súas modificacións

Artigo 3. Principios xerais.

1. As modificacións nos créditos iniciais do Presuposto axustaranse ó establecido na Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, agás o disposto nesta Lei.

2. Todo acordo de modificación presupostaria deberá indicar expresamente o programa, o servizo ou o organismo autónomo, o artigo e o concepto afectado pola mesma.

A correspondente proposta de modificación deberá expresa-la incidencia na consecución dos respectivos obxectivos do programa de gastos e as razóns concretas que a xustifican.

3. A Consellería de Economía e Facenda, dentro dos primeiros quince días hábiles de cada mes, daralle conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento de tódalas modificacións acordadas ó abeiro do establecido na presente Lei.

Artigo 4. Competencias específicas en materia de modificacións presupostarias.

Con validez exclusiva para 1989 autorízanselle ó Conselleiro de Economía e Facenda as seguintes competencias específicas en materia de modificacións presupostarias:

a) Para incorporar ó Presuposto de 1989 os remanentes dos créditos ós que se refire o artigo 10, apartados 4 e 5, da Lei 2/1988, do 5 de marzo, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1988.

b) Para incorporar ó Presuposto de 1989 os remanentes de crédito dos programas 721A e 721B, «Apoio á empresa agraria e pesqueira» e «Apoio á empresa industrial e de servizos», respectivamente, e polo que respecta á xestión que dos mesmos realiza a Consellería de Economía e Facenda para os fins previstos na Disposición Adicional décimo terceira.

c) Para xerar crédito no programa 531B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», por un importe igual á diferenza que poida existir entre a liquidación definitiva da porcentaxe de participación nos ingresos do Estado para 1988 e a estimada no Estado de Ingresos para o presente exercicio.

d) Para ampliar ata unha suma igual ás obrigas que se recoñezan, logo do cumprimento das formalidades legalmente establecidas ou das que se establezan, os créditos que, incluídos no Presuposto da Comunidade Autónoma, nos dos organismos autónomos e/ou nos doutros entes públicos aprobados por esta Lei, se detallan a continuación:

Os destinados a satisfacer:

1.— As cuotas de Seguridade Social e o complemento familiar,

así como as aportacións que, se é o caso, lle corresponda efectuar á Comunidade Autónoma ó rexime de previsión social dos seus funcionarios.

2.— Os trienios derivados do cómputo do tempo de servizos realmente prestados á Administración.

3.— Os créditos destinados ó pagamento do persoal laboral ó servizo da Comunidade Autónoma, en canto precisen ser incrementados como consecuencia de subas salariais dispostas durante o exercicio ou en exercicios anteriores por normas legais ou por decisións executivas en vía administrativa ou xurisdiccional. Para os demais efectos terán igual carácter có resto dos créditos de persoal e rexeranse polas mesmas normas.

4.— Os que se destinen ó pagamento de intereses, amortizacións do principal e gastos derivados da Débeda Pública emitida pola Comunidade Autónoma ou operacións de crédito por ela concertadas. Os pagamentos indicados aplicaranse, calquera que sexa o vencemento ó que correspondan, ós respectivos créditos do exercicio económico de 1989.

5.— Os destinados ó pagamento das obrigas derivadas de quebramentos de operacións de crédito avaladas pola Xunta de Galicia, dándolle conta ó Parlamento no prazo de un mes.

6.— Os destinados a satisfacer as cantidades que deben percibirlos Liquidadores do Distrito Hipotecario en concepto de indemnización e compensación dos gastos orixinados pola recadación e xestión de autoliquidacións practicadas polo Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados e pola recadación e práctica das liquidacións e autoliquidacións do Imposto sobre Sucesións e Doacións.

7.— Os créditos destinados ó pagamento dos premios de co-branza e participacións en función da recadación de vendas e restantes créditos de vivendas, solares, locais e edificacións complementarias correspondentes ó Instituto Galego da Vivenda e Solo, así como os referentes ós traballos de facturación e apoio á xestión do patrimonio inmobiliario do devandito Instituto, que se establezan de acordo coas cifras recadadas en período voluntario.

8.— O crédito destinado ó financiamento de préstamos que se lle concederán ó persoal ó servizo da Administración Autónoma en función da recadación que se produza como consecuencia de reintegros efectuados para a cancelación dos mesmos.

9.— Os créditos destinados a pagamentos de cuotas ou contribucións a organismos internacionais en que participe ou sexa membro a Comunidade Autónoma.

10.— Os destinados ó pagamento dos premios de cobranza dos tributos e demais ingresos, de dereito público, da Comunidade Autónoma.

11.— Os que se deriven dos gastos e das subvencións electorais ós partidos políticos, coalicións e agrupacións.

12.— As que se deriven do cumprimento de sentencias firmes.

Será facultade da Consellería de Economía e Facenda, en consideración ó nivel en que se veñan desenvolvendo os ingresos, reter crédito noutros conceptos presupostarios, para financialas ampliacións deste apartado.

Artigo 5. Competencias xenéricas en materia de modificacións presupostarias.

Os artigos 41, 42, 44, 45, 46, 49, 50 e 51 da Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, quedan redactados do seguinte xeito:

«Artigo 41

A estrutura dos Presupostos da Comunidade e dos seus organismos autónomos determinarase de acordo coas regras seguintes:

a) Os Estados de Gastos confeccionaranse aplicando as clasificacións orgánica, funcional, desagregada en programas e económica.

b) Os Estados de Gastos e de Ingresos presentaranse coa debida separación de créditos e estima-

cións por operacións non financeiras e financeiras, con distinción en canto ás últimas das variacións dos activos e dos pasivos financeiros.

c) Os créditos destinados a operacións non financeiras aparecerán clasificados segundo o seu destino nos grupos de gastos correntes e de capital, con inclusión nestes últimos unicamente dos destinados a investimento e a transferencias de capital.»

«Artigo 42

1. Os créditos consignados nos Estados de Gastos destinaranse exclusivamente ás finalidades específicas para as que están autorizados pola Lei de Presupostos ou polas modificacións aprobadas conforme a esta Lei.

2. Os créditos autorizados nos programas de gasto teñen carácter limitativo e vinculante a nivel de concepto. Non obstante, os créditos destinados a gastos de persoal, agás os que se refiren a incentivos ó rendemento, e os gastos en bens correntes e servicios terán carácter vinculante a nivel de artigo.

3. En todo caso terán carácter vinculante, co nivel de desagregación económica con que aparecen nos Estados de Gastos, os créditos destinados a atencións protocolarias e representativas e os declarados ampliables conforme ó artigo 43 desta Lei.

4. Non poderán adquirirse compromisos de gasto por contía

superior ó importe dos créditos autorizados nos Estados de Gastos e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais con rango inferior a Lei que infrinxan a expresada norma, sen prexuício das responsabilidades a que haxa lugar.»

«Artigo 44

1. O disposto no artigo 42 non impedirá a adquisición de compromisos para a realización de gastos en varias anualidades sempre que se inicie no propio exercicio a obriga de cumprilas contraprestacións e que, ademais, se atopen nalgún dos casos que a continuación se enumeran:

a) Investimentos e transferencias de capital.

b) Contratos de subministración, de asistencia técnica e científica e de arrendamentos de equipos que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos polo prazo de un ano.

c) Arrendamento de bens inmoables que vaian utilizar organismos da Comunidade Autónoma.

d) As cargas que se deriven das operacións de endebedamento.

2. A autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordinarase ós créditos que para cada exercicio se consignen nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma e serán obxecto de contabilización independente.

3. O número de exercicios a que poidan aplicarse os gastos referidos nos apartados a) e b) do apartado 1 non será superior a catro.

Correspóndelle ó Consello da Xunta, por proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, logo de petición da Consellería correspondente:

a) A fixación dos límites de gastos correspondentes a cada anualidade.

b) A ampliación do número de anualidades en supostos especialmente xustificadas pola natureza da prestación.»

«Artigo 45

1. Con cargo ós créditos consignados nos Estados de Gastos do Presuposto, soamente se poderán contrae-las obrigas derivadas das prestacións que se realizasen no ano natural correspondente ó exercicio presupostario de que se trate.

2. Sen embargo, imputaranse ós créditos do Presuposto vixente, no momento da expedición das ordes de pagamento, as seguintes obrigas:

a) As que resulten do recoñecemento e da liquidación de atrasos a favor do persoal ó servizo da Comunidade ou das súas entidades autónomas.

b) As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores.

Naqueles casos en que non exista crédito adecuado no exercicio corrente, o Conselleiro de Economía e Facenda poderá determinar, por iniciativa da Consellería correspondente, os créditos ós que se deberá imputa-lo pagamento destas obrigas.

3. Tamén poderá ser diferido o pagamento do precio de compra de bens inmoables adquiridos directamente por un importe que exceda de cincocentos millóns de pesetas, sen que en ningún caso o desembolso inicial ó asinamento da escritura poida ser inferior ó 50 por 100 do precio, podendo distribuírse libremente o resto ata en catro anualidades sucesivas ós respectivos vencementos dentro das limitacións contidas no artigo 44, apartado 3.»

«Artigo 46

1. Os créditos destinados á cobertura de gastos que no último día do exercicio económico non estean afectados ó cumprimento de obrigas xa recoñecidas e esixibles quedarán anulados de pleno dereito.

2. Non obstante, poderán incorporarse ós Estados dos Presupostos de Gastos do exercicio inmediato seguinte:

a) Os créditos extraordinarios e suplementos de créditos, así como as transferencias de créditos que se concedesen ou autorizasen, respectivamente, no último trimestre do exercicio presupostario.

b) Os créditos que amparen compromisos de gastos que, verbo da súa natureza, non se puidesen materializar antes do último día do exercicio económico por causas xustificadas, sempre que alcanzasen a fase de disposición en contabilidade antes do último mes do exercicio.

c) Os créditos destinados a operacións de capital.

d) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados á cobertura financeira daqueles.

e) Os créditos xerados polas operacións que se enumeran no artigo 52 desta Lei.

3. Os remanentes incorporados segundo o previsto no apartado anterior unicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio presupostario en que a incorporación se acorde e, nos supostos a) e b) do dito apartado, para os mesmos gastos que motivaron, en cada caso, a concesión e autorización e o compromiso.

4. Os créditos correspondentes a financiamento condicionado serán incorporables de acordo coa normativa que lles sexa aplicable en cada caso. De non existir esta, rexeranse polas normas da presente Lei.

5. Das incorporacións a que se refiren os apartados 2 e 4 daráselle conta ó Parlamento.»

«Artigo 49

Correspóndelle ó Consello da Xunta, por proposta do Consellei-

ro de Economía e Facenda, e por iniciativa da Consellería ou Consellerías afectadas:

a) Autoriza-la transferencia de créditos entre programas dunha ou distintas Consellerías incluídos no mesmo ou distinto grupo de funcións, coa creación, se houbese lugar, dos conceptos pertinentes da clasificación económica do gasto.

Cada solicitude da ou das Consellerías afectadas irá acompañada dunha memoria xustificativa dos obxectivos fixados inicialmente e dos novos que, se é o caso, puidesen derivarse.

b) O Consello da Xunta, por proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, poderá autorizar transferencias de créditos das dotacións non utilizadas nos programas das distintas seccións do Presuposto ós distintos conceptos do programa de imprevistos e funcións non clasificadas, habilitando para tal efecto os créditos que sexan necesarios, para a súa ulterior reasignación.

De cada modificación acordada en virtude do disposto neste artigo daráselle conta, de xeito inmediato e singular, no prazo máximo de 30 días, á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos con remisión da copia do correspondente expediente.»

«Artigo 50

1. Correspóndelle ó Conselleiro de Economía e Facenda, ademais

das competencias xenéricas atribuídas ós titulares das Consellerías:

a) Resolve-los expedientes de modificacións presupostarias, nos supostos en que estes estean atribuídos ós titulares das distintas Consellerías e exista discrepancia da Consellería respectiva co informe da Intervención Delegada.

b) Autorizar transferencias de créditos presupostarios, calquera que sexa o capítulo, entre un ou varios programas incluídos no mesmo grupo de funcións correspondentes a servizos dunha mesma Consellería.

A competencia prevista para autorizar transferencias de crédito contidas neste artigo comporta a creación dos conceptos pertinentes da clasificación económica do gasto.

c) Transferencias de crédito desde o programa de imprevistos e funcións non clasificadas ós conceptos e artigos dos demais programas de gasto, calquera que sexa a función ou sección a que corresponda, incluídas as do apartado b) do artigo anterior.

A Consellería ou o organismo autónomo que solicite a transferencia deberá xustificala imposibilidade de atende-las insuficiencias mediante reaxuste dos seus créditos; para tal efecto deberá procederse a un exame de conxunto de revisión dos oportunos programas de gasto, indicando as desviacións que na consecución dos

correspondentes obxectivos se motivarían de lle facer fronte ó seu financiamento con tal reaxuste.

d) Realiza-las adaptacións precisas para acomodar e desenvolver-las presupostos dos servicios transferidos do INSERSO ós resultantes da aprobación polas Cortes do presuposto da Seguridade Social, despois do informe da Consellería de Traballo e Benestar Social.

e) Autoriza-las incorporacións de crédito previstas no artigo 46 desta Lei.

f) Autoriza-las xeracións de crédito previstas nos artigos 52 e 53 desta Lei, agás nos casos a que se refire o apartado b) do artigo 51.

g) Autoriza-la adecuación de créditos derivada de transferencias procedentes dos Presupostos Xerais do Estado en concepto de subvencións non integrantes do custo efectivo dos servicios traspasados e demais recursos de carácter finalista e igual procedencia que deba distribuí-la Comunidade Autónoma. Esta autorización implicará o aumento ou a diminución das consignacións previstas, así como a incorporación, con creación dos correspondentes conceptos económicos, segundo proceda.

h) Autoriza-las ampliacións de crédito previstas no artigo 43 desta Lei, así como as incluídas nas Leis de Presupostos.

2. As transferencias de crédito contempladas neste artigo, así

como as previstas nos artigos 49 e 51 desta Lei, estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

a) Non afectarán ós créditos ampliábeis nin ós extraordinarios concedidos durante o exercicio.

b) Non poderán minorarse os créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, agás cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de exercicios anteriores.

c) Non incrementarán créditos que como consecuencia doutras transferencias fosen obxecto de minoración, agás cando afecten a créditos de persoal.

3. As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiran ó programa de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de créditos modificados como consecuencia de reorganizacións administrativas.

4. Os créditos correspondentes a financiamento condicionado estarán suxeitos ás limitacións establecidas na normativa que lles sexa aplicable en cada caso. De non existir esta, seralles aplicable o determinado no punto 2 deste artigo.»

«Artigo 51

1. Os titulares das Consellerías poderán autorizar, logo de informe

da Intervención Delegada correspondente, as seguintes modificacións presupostarias nos créditos do presuposto do departamento:

a) Transferencias de crédito entre os diferentes conceptos do Capítulo II, dun mesmo programa, correspondente a un mesmo ou diferente servizo dependente da Consellería, sempre que non supoña desviación na consecución dos obxectivos do programa respectivo.

No caso de informe desfavorable da Intervención Delegada coa proposta de transferencia de crédito, remitiráselle o expediente á Consellería de Economía e Facenda para efectos da resolución procedente polo titular desta Consellería.

b) Xeración de créditos. Nos supostos contemplados no artigo 52, apartado 1.a), e no 53 da Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, cando o pagamento indebido fose realizado no mesmo exercicio.

2. Os Presidentes dos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma terán as mesmas competencias establecidas neste artigo, en relación coas modificacións presupostarias do Presuposto de Gastos respectivo, sen prexuício do principio de autonomía presupostaria do Parlamento de Galicia.

3. En todo caso, unha vez acordadas pola autoridade competente as modificacións presupostarias incluídas nos números anteriores,

remitiráselle á Consellería de Economía e Facenda, Dirección Xeral de Planificación e Presupostos, para instrumentala súa execución.»

Título II

Dos gastos de persoal

Capítulo único

Retribucións do persoal

Artigo 6. Aumento de retribucións do persoal ó servizo da Comunidade Autónoma.

1. Con efectos do 1 de xaneiro de 1989, a contía das componentes das retribucións do persoal ó servizo da Comunidade Autónoma, excepto o sometido á lexislación laboral, experimentará o seguinte incremento con respecto ás establecidas para o exercicio de 1988:

a) As retribucións básicas do devandito persoal, así como as complementarias de carácter fixo e periódico asignadas ós postos de traballo que desempeña, experimentarán un incremento do 4%, sen prexuício, se é o caso, da adecuación destas últimas cando sexa necesario para asegurar que a retribución total de cada posto de traballo garde a relación procedente co contido de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade do mesmo.

b) O conxunto das restantes retribucións complementarias terá así mesmo un crecemento do 4%, sen prexuício das modificacións que se deriven da variación do número de efectivos asignados a cada programa, do grao de consecución dos obxectivos fixados para o mesmo e do resultado individual da súa aplicación.

2. O incremento de retribucións previsto no presente artigo é aplicable ó persoal non laboral ó servizo de:

a) Os órganos estatutarios de Galicia, sen prexuício do disposto no artigo 12.2 do Estatuto de Galicia para o Parlamento.

b) A Administración da Comunidade Autónoma e os seus organismos autónomos.

c) A Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as sociedades para a xestión dos servizos públicos de radiodifusión e televisión.

d) A Universidade.

e) O restante persoal ó que lle resulte aplicable o rexime estatutario dos funcionarios públicos.

3. Así mesmo, e con efectos do 1 de xaneiro de 1989, a masa salarial do persoal laboral dos entes e organismos que se indican no número anterior non poderá experimentar un incremento global superior ó 4%, comprendendo en tal porcentaxe o de tódolos conceptos, sen prexuício do que puidese derivarse da consecución dos

obxectivos asignados a cada ente ou organismo mediante o incremento da produtividade ou modificación dos sistemas de organización do traballo ou clasificación profesional.

O previsto no parágrafo anterior representa o incremento máximo da masa salarial, da que a distribución e aplicación individual se producirá a través da negociación colectiva.

Entenderase por masa salarial, para os efectos desta Lei, o conxunto das retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social devengados durante 1988 polo persoal laboral afectado, co límite das contías informadas favorablemente pola Consellería de Economía e Facenda para o devandito exercicio presupostario, exceptuándose, en todo caso:

a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.

b) As cotizacións ó sistema de Seguridade Social a cargo do empregador.

c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.

d) As indemnizacións ou supridos por gastos que tivese que realízalo traballador.

Os incrementos da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade respecto dos dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos

reais do persoal laboral e antigüidade do mesmo coma ó rexime privativo de traballo, xornada legal ou contractual, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, computándose, en consecuencia, por separado as cantidades que correspondan á variación de tales conceptos. Con cargo á masa salarial así obtida para 1989 deberase satisfacer a totalidade das retribucións do persoal laboral derivadas do pertinente acordo e tódalas que se produzan ó longo do ano 1989, excepto as que lle correspondan devengar ó dito persoal no citado ano polo concepto de antigüidade.

As indemnizacións ou supridos deste persoal non poderán experimentar crecementos superiores ós que se establezan con carácter xeral para o persoal non laboral da Administración da Comunidade Autónoma.

No suposto de que, da aplicación do incremento porcentual establecido no parágrafo anterior, resultase unha cifra inferior á que lle corresponda ó persoal non laboral de igual categoría, poderanse acordar indemnizacións ou supridos ata o importe que teña recoñecido o citado persoal non laboral.

O regulado nos parágrafos anteriores non lles será aplicable ás indemnizacións que se establezan por primeira vez nos respectivos convenios; unha vez fixado o importe de tódalas indemniza-

cións, os posteriores incrementos axustaranse ó establecido nas Leis de Presupostos da Comunidade Autónoma.

Nos convenios que contemplan unha soa contía de indemnización para tódalas categorías poderase igualmente acordar tal contía entre as que lles correspondan ós grupos segundo e cuarto do citado persoal non laboral.

4. Con independencia da porcentaxe de incremento previsto nos números anteriores deste artigo, establécese un fondo de 3.260.000.000 de pesetas para melloras retributivas do persoal da Administración da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 9/1987, do 12 de maio, así como do persoal laboral ó servizo da mesma, que se aplicará a reducir desequilibrios existentes e á implantación do sistema retributivo previsto na Lei 30/1984, do 2 de agosto.

Estas melloras aplicaranse en función dos acordos ou pactos adoptados polos mecanismos de participación sindical previstos na Lei 9/1987 e, respecto do persoal laboral, no marco da negociación colectiva.

Artigo 7. Retribucións dos altos cargos.

1. As retribucións totais e exclusivas, incluídas as pagas extraordinarias, dos altos cargos fíxanse para o ano 1989 nas seguintes contías:

Presidente	8.820.660
Vicepresidente	7.905.056
Conselleiros	7.263.607
Secretarios Xerais	
Técnicos, Directores	
Xerais e asimilados	5.782.763

2. Os altos cargos terán dereito á percepción dos trienios que puidesen ter recoñecidos como funcionarios e persoal ó servizo das administracións públicas.

3. As retribucións dos Presidentes e Vicepresidentes e, se é o caso, as dos Directores Xerais, cando lles corresponda o exercicio das funcións executivas de máximo nivel dos entes e das entidades de dereito público a que se refire o artigo 7.1.b) da Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, serán autorizadas polo Consello da Xunta, por proposta do titular da Consellería á que se atopen adscritos.

Estas retribucións serán aboadas con cargo ós presupostos propios das citadas entidades e da súa contía individualizada daráselle conta á Comisión 3.^a, de Economía, Facenda e Presupostos.

Artigo 8. Retribucións dos funcionarios da Comunidade para os que o Consello da Xunta aprobouse as relacións de postos de traballo.

1. Os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función

Pública, que desempeñen postos de traballo para os que o Goberno da Comunidade aprobouse a aplicación do rexime retributivo previsto na dita Lei soamente poderán ser retribuídos, durante 1989, se é o caso, polos conceptos e contías seguintes:

a) O soldo e os trienios que lle correspondan ó grupo en que se atope clasificado o corpo ou a escala a que pertenza o funcionario, conforme ás seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Grupo	Soldo	Trienios
A	1.391.304	53.400
B	1.180.848	42.720
C	880.224	32.040
D	719.748	21.384
E	657.048	16.032

Os corpos, escalas ou prazas que no 31 de decembro de 1984 tivesen asignados os índices de proporcionalidade 10, 8, 6, 4 e 3 consideraranse, para os efectos previstos no presente número, como integrados, respectivamente, nos grupos A, B, C, D e E.

b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ó ano, por un importe cada unha delas de unha mensualidade do soldo e trienios e que se devengarán de acordo co previsto no artigo 15 da presente Lei.

c) O complemento de destino correspondente ó nivel do posto de traballo que se desempeñe, de

acordo co fixado no correspondente catálogo de postos de traballo e coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Nivel	Importe ptas.
30	1.221.708
29	1.095.852
28	1.049.760
27	1.003.656
26	880.512
25	781.212
24	735.120
23	689.028
22	642.924
21	596.928
20	554.472
19	526.140
18	497.832
17	469.500
16	441.204
15	412.872
14	384.564
13	356.232
12	327.900
11	299.616
10	271.296
9	257.148
8	242.964
7	228.816
6	214.644
5	200.484
4	179.268
3	158.052
2	136.824
1	115.620

O Consello procederá a clasificar os postos de traballo nos trinta niveis a que se refire o artigo 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

No ámbito da docencia universitaria, a contía do complemento de destino fixada na escala anterior poderá ser modificada nos casos nos que así proceda, consonte coa normativa vixente, sen que isto implique variación do nivel de complemento de destino asignado ó posto de traballo.

d) Con independencia das retribucións básicas e do complemento de destino a que se refiren os apartados anteriores, o Consello da Xunta asignaralles un complemento específico a determinados postos de traballo, cando a devandita asignación sexa necesaria para asegurar que a retribución total de cada posto de traballo garde relación adecuada co contido de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade do mesmo.

Artigo 9. Complemento de produtividade.

O complemento de produtividade retribuirá o especial rendemento, a actividade e a dedicación extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo.

1.— En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

2.— O complemento de produtividade será concedido polos

Conselleiros ou Xefes de Unidades ós que se lles asignasen créditos globais para a súa atención, de acordo cos criterios que aprobe o Consello da Xunta por proposta das Consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda.

3.— En todo caso, as cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público e expoñeranse para tal efecto nos centros de traballo.

Artigo 10. Homoxeneización do sistema e complemento persoal transitorio.

1. O soldo, os trienios, as pagas extraordinarias e o complemento de destino e específico establecidos na presente Lei absorberán a totalidade das remuneracións correspondentes ó rexime retributivo vixente na Comunidade Autónoma en 1988, incluídos os complementos persoais e transitorios reconecidos ó abeiro dos reximes retributivos anteriores ó que se establece na Lei 30/1984, do 2 de agosto.

Ós funcionarios que como consecuencia da aplicación do novo sistema retributivo en 1989 experimenten, en termos anuais, un incremento sobre as retribucións percibidas en 1988 inferior ó 4 por cento asignaráselles un complemento persoal transitorio ata acadalo devandito incremento.

Para estes efectos, considerarase como retribucións de 1988 a suma

de retribucións básicas, complementos persoais e transitorios e complementos de destino efectivamente percibidos na contía correspondente a 1988, e os incentivos que efectivamente devengase o funcionario nese ano ata un máximo de 748.028 ptas. para os de proporcionalidade 10, 561.021 ptas. para os de proporcionalidade 8 e 374.014 ptas. para os das restantes proporcionalidades.

2. Os complementos persoais e transitorios que teñan que aplicárselles a algúns funcionarios como consecuencia da entrada en vigor do novo sistema retributivo serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza no ano 1989, incluídas as derivadas de cambios de posto de traballo.

Para efectos da absorción prevista no parágrafo anterior, non se considerarán os trienios, o complemento de produtividade, regulado no artigo anterior, nin as gratificacións por servicios extraordinarios.

O disposto no presente artigo non lle será aplicable ó persoal docente.

Artigo 11. Rexime xeral de trienios.

A valoración e devengo dos trienios efectuarase de acordo coa normativa aplicable con anterioridade á Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, tendo en conta o previsto no artigo 15.1 da presente Lei.

Artigo 12. Retribucións dos funcionarios interinos, contratados administrativos e eventuais.

1. Os funcionarios interinos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, que desempeñen postos de traballo para os que se aprobase a aplicación do rexime retributivo previsto na devandita Lei devengarán o 100 por 100 das retribucións básicas, excluídos os trienios, correspondentes ó grupo no que estea incluído o corpo en que ocupen vacante e o 100 por 100 das retribucións complementarias que lle correspondan ó posto de traballo que desempeñen.

2. As retribucións dos contratados administrativos experimentarán un incremento retributivo do 4% respecto das recoñecidas no ano 1988.

3. Se, como consecuencia do disposto no número 1 deste artigo, os funcionarios interinos con nomeamento anterior ó 1 de xaneiro de 1985 experimentasen un incremento retributivo inferior ó 4%, recoñeceráselles un complemento persoal e transitorio polo importe necesario para acadalo devandito crecemento, que será absorbible no futuro de acordo cos criterios establecidos na Lei para os complementos da devandita natureza.

4. Aprobada polo Consello da Xunta a aplicación do rexime retributivo previsto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, o complemento de produtividade poderá asignarse-

lles, se é o caso, ós funcionarios interinos a que se refire o punto anterior, así como ós funcionarios eventuais.

Artigo 13. Aumento de retribucións en casos especiais.

1. Cando as retribucións se percibisen en 1988 en contía inferior á establecida con carácter xeral, aplicarase un incremento do 4% sobre as efectivamente percibidas no devandito exercicio.

2. Os funcionarios dos corpos de Sanitarios Locais que presten servizo en Partidos Sanitarios, Casas de Socorro e, se é o caso, Hospitais Municipais experimentarán en 1989 un incremento do 4% sobre as correspondentes retribucións básicas percibidas en 1988.

As retribucións complementarias destes funcionarios fixaranse con base no disposto no Decreto 3206/1967, do 28 de decembro, incrementando, se é o caso, os importes no 4% respecto de 1988.

Os Sanitarios Locais non comprendidos nos números anteriores devengarán as retribucións básicas e complementarias que lles correspondan en aplicación do disposto no artigo 6 desta Lei.

Artigo 14. Outras disposicións sobre o rexime retributivo.

1. En canto non se poña en vigor o sistema retributivo fixado na Lei 30/1984, cando un funcionario non sometido ó rexime retributivo regulamentado no Real Decreto-Lei

22/1977, do 30 de marzo, ocupe un posto de traballo dotado no cadro presupostario da Comunidade, devengará as retribucións básicas e complementarias correspondentes á praza que desempeñe.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, as Consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda, por proposta das Consellerías interesadas, autorizarán a oportuna asimilación para determinar as retribucións que lles correspondan ós citados funcionarios.

2. Cando, ó abeiro da normativa vixente, o funcionario realice unha xornada inferior á normal, a contía das súas retribucións determinarase na forma prevista nas normas dictadas para a aplicación do rexime retributivo a que estea suxeito.

Os funcionarios que realicen unha xornada de traballo diminuída nun tercio ou nun medio, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, experimentarán unha redución dun tercio ou dun medio, respectivamente, sobre as retribucións correspondentes. Idéntica redución practicarase sobre as pagas extraordinarias no caso de que os funcionarios prestasen unha xornada de traballo reducida na data de devengo das citadas pagas.⁽¹⁾

3. O complemento familiar rexerese pola súa normativa específica excluíndose do aumento a que se refire a presente Lei.

4. Os complementos persoais e transitorios e demais retribucións de carácter análogo correspondentes ó persoal incluído no ámbito de aplicación da presente Lei rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta Lei, quedando excluídos do aumento do 4% previsto na mesma.

5. As referencias contidas na normativa vixente relativa a haberes líquidos para os efectos do cálculo de anticipos reintegrables ós funcionarios entenderanse feitas ás retribucións básicas e complementarias que perciban os mesmos nos seus importes líquidos.

6. As referencias relativas a retribucións contidas na presente Lei enténdense sempre feitas a retribucións íntegras.

7. As diferentes retribucións que conforme ó disposto nos artigos anteriores lle corresponda devengar ó persoal ó servizo da Comunidade Autónoma faranse efectivas por un único habilitado con cargo ós créditos do programa respectivo.

8. Para os efectos da asimilación a que se refire o parágrafo anterior, a Consellería da Presidencia e Administración Pública poderá autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co rexime

(1) O apartado 2 do artigo 14 foi mantido na súa vixencia pola disposición adicional segunda da Lei 2/1990.

retributivo de orixe do funcionario.

Estas autorizacións seranlle comunicadas pola Consellería da Presidencia e Administración Pública á Consellería de Economía e Facenda para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Artigo 15. Percepción de retribucións.

1. As retribucións básicas e complementarias que se devengan con carácter fixo e periodicidade mensual, faranse efectivas por mensualidades completas e con referencia á situación e dereitos do funcionario o primeiro día hábil do mes a que correspondan, salvo nos casos seguintes, en que se liquidarán por días:

a) No mes de toma de posesión do primeiro destino na Comunidade Autónoma, no de reingreso ó servizo activo e no de incorporación por conclusión de licencias sen dereito a retribución.

b) No mes en que cese no servizo activo na Comunidade Autónoma, agás que sexa por motivos de falecemento ou xubilación de funcionarios suxeitos ó rexime de clases pasivas do Estado e, en xeral, a calquera rexime de pensións públicas que se devengan por mensualidades completas desde o primeiro día do mes seguinte ó do nacemento do dereito.

c) No mes de iniciación de licencias sen dereito a retribución.

2. As pagas extraordinarias serán dúas ó ano por un importe cada unha delas de unha mensualidade do soldo, trienios e, se é o caso, o grao, e devengarase o día un dos meses de xuño e decembro, e con referencia á situación e ós dereitos do funcionario nas devanditas datas, agás nos seguintes casos:

a) Cando o tempo de servizos prestados na Administración da Comunidade Autónoma ata o día en que se devenga a paga extraordinaria non comprenda a totalidade dos seis meses inmediatos anteriores ós meses de xuño ou decembro, o importe da paga extraordinaria reducirase proporcionalmente computando cada mes natural completo e día por un sexto e un cento oitentavo, respectivamente, do importe da paga extraordinaria que na data do seu devengo correspondería por un período de seis meses, tendo en conta que, se a suma dos días dos meses incompletos fose trinta ou superior, cada fracción de trinta días considerárase como un mes completo.

b) Os funcionarios en servizo activo con licencia sen dereito a retribución devengarán pagas extraordinarias nas datas indicadas, pero a súa contía experimentará a correspondente redución proporcional.

c) No caso de cesamento no servizo activo, a última paga extraordinaria devengarase o día do cesamento e con referencia á

situación e dereitos do funcionario na devandita data, pero en contía proporcional ó tempo de servicios efectivamente prestados, agás que o cesamento sexa por xubilación ou falecemento dos funcionarios suxeitos ó rexime de clases pasivas do Estado e, en xeral, a calquera rexime de pensións públicas que se devenguen por mensualidades completas desde o primeiro día do mes seguinte ó do nacemento do dereito; neste caso os días do mes en que se produce o devandito cesamento computaranse como un mes completo.

Para os efectos previstos no presente artigo, o tempo de duración de licencias sen dereito a retribución non terá a consideración de servicios efectivamente prestados.

Se o cesamento no servicio activo se produce durante o mes de decembro, a liquidación da parte proporcional da paga extraordinaria correspondente ós días transcorridos do devandito mes realizárase de acordo coas contías das retribucións básicas vixentes no mesmo.⁽²⁾

Artigo 16. Requisito para o asinamento de convenios colectivos que afecten ó persoal laboral.

1. Durante o ano 1989, será preciso informe favorable conxun-

to da Consellería da Presidencia e Administración Pública e da de Economía e Facenda para proceder a modifica-las condicións retributivas do persoal non funcionario e laboral ó servicio de:

- a) A Administración da Comunidade Autónoma.
- b) O Consello de Contas.
- c) O Consello da Cultura Galega.
- d) A Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as súas sociedades xestoras.
- e) A Universidade.

2. Con carácter previo ó comenzo das negociacións de convenios ou acordos colectivos que se celebren no ano 1989, deberase solicitar da Consellería de Economía e Facenda a correspondente autorización da masa salarial, que cuantifique o límite máximo das obrigas que poidan contraerse como consecuencia dos devanditos pactos, aportando para o efecto a certificación das retribucións salariais satisfeitas e devengadas en 1988.

3. Para os efectos dos apartados anteriores, entenderanse por modificacións das condicións retributivas do persoal non funcionario as seguintes actuacións:

- a) Asinamento de convenios colectivos subscritos polos organismos citados no número anterior, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións ós mesmos.

(2) O artigo 15 foi mantido na súa vixencia pola disposición adicional segunda da Lei 2/1990.

b) Aplicación de convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións ós mesmos.

c) Outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral, con carácter individual ou colectivo, aínda que se deriven da aplicación extensiva do rexime retributivo dos funcionarios públicos.

4. Co fin de emitilo informe sinalado no número 1 deste artigo, os departamentos e organismos remitiranlles ás Consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda o proxecto de modificación respectiva, con carácter previo ó seu asinamento ou acordo, achegando a avaliación de tódolos seus aspectos económicos.

5. O informe será emitido no prazo máximo de quince días, que se contará desde a data de recepción do proxecto e da súa valoración, e versará sobre todos aqueles extremos dos que se deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano 1989 coma para exercicios futuros e, especialmente, no que se refire á determinación da masa salarial correspondente ó control do seu crecemento, sen prexuício do disposto no apartado 3 do artigo 6 desta Lei.

6. Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe

desfavorable, así como os pactos que impliquen crecementos salariais para exercicios sucesivos contrarios ó que determinen as futuras Leis de Presupostos.

7. Non poderán autorizarse gastos derivados da aplicación dos incrementos salariais para 1989 sen o cumprimento dos requisitos establecidos no presente artigo.

Artigo 17. Contratación de persoal laboral con cargo ós créditos de investimentos.

1. En 1989, con cargo ós respectivos créditos de investimentos, só poderán formalizarse contratacións de carácter temporal cando as Consellerías ou os organismos autónomos precisen contratar persoal para a realización, por administración directa e por aplicación da lexislación de contratos do Estado, de obras ou servicios correspondentes a algúns dos investimentos incluídos nos seus presupostos, sempre que non poidan ser realizadas polo persoal fixo disponible e non exista crédito suficiente no concepto presupostario destinado á contratación de persoal eventual.

2. Esta contratación requirirá o informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, que versará sobre a disponibilidad de crédito no concepto presupostario destinado á contratación de persoal eventual no capítulo correspondente.

3. Os contratos deberanse formalizar seguindo as prescricións

dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos Traballadores, aprobado pola Lei 8/1980, do 10 de marzo, na redacción dada pola Lei 32/1984, do 2 de agosto, e conforme ó disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración Pública. Nos contratos farase constar, cando proceda, a obra ou o servizo para a realización do cal se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre contratos laborais, eventuais ou temporais. Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, dos que se puidesen derivar dereitos de fixeza para o persoal contratado, poderán dar lugar á esixencia de responsabilidades, conforme ó artigo 95 da Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

4. A contratación poderá exceder do exercicio presupostario, sempre que se trate da execución de obras ou servizos que vaian exceder do devandito exercicio presupostario e se encontren vinculados a plans de investimentos de carácter plurianual.

5. Con carácter previo á súa formalización polo servizo xurídico do departamento ou organismo, emitírase informe sobre a modalidade de contratación tem-

poral utilizada e sobre a observancia nas cláusulas do contrato de requisitos e formalidades esixidos pola lexislación laboral.

Artigo 18. Prohibición de ingresos atípicos.

Os empregados públicos comprendidos dentro do ámbito de aplicación da presente Lei, non sendo os sometidos a rexime de arancel, non poderán percibir ningunha participación nos tributos, comisións ou outros ingresos de calquera natureza que a Administración Autónoma ou calquera poder público estatutario teña dereito a percibir como contraprestación de calquera servizo ou xurisdicción, nin participación ou premio en multas impostas aínda cando estivesen normativamente atribuídas ós mesmos, debendo percibir unicamente as remuneracións do correspondente rexime retributivo e sen prexuício do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades.

Artigo 19. Modificacións dos anexos de cadros presupostarios de persoal.

1. Os créditos de gastos de persoal non implican en ningún caso recoñecemento de dereitos nin modificacións dos cadros presupostarios.

2. As disposicións ou os expedientes que impliquen modificación dos mencionados dereitos e cadros soamente poderán tramitarse no caso de que o incremento de

gastos quede compensado sobre unha base homoxénea de comparación anual, mediante redución de créditos do Capítulo I, sempre que non se trate dos destinados ó pagamento de cuotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador.

No caso de que os supostos de modificación do cadro de persoal se deriven da asunción pola Comunidade Autónoma do traspaso de servicios, o incremento do gasto financiarase co financiamento acordado como consecuencia do devandito traspaso.

3. As modificacións do cadro de persoal deberán ser tramitadas e aprobadas pola Consellería de Economía e Facenda, logo de informe favorable da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Artigo 20. Autorización dos custos de persoal da Universidade.

De conformidade co disposto no artigo 54, punto 4, da Lei Orgánica de Reforma Universitaria, 11/1983, do 25 de agosto, en relación coa súa Disposición Derradeira segunda, autorízanse os custos do persoal funcionario docente e non docente e contratado docente da Universidade polos importes que se detallan:

Persoal docente, funcionario
e contratado 5.348.816.677 pesetas

Persoal non docente,
funcionario 676.218.299 pesetas

A Universidade ampliará os seus créditos para gastos de persoal en función de distribución que do crédito 07.04.322C.440.1 realice a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Nestes supostos non será aplicable a limitación contida no artigo 55.1 da Lei de Reforma Universitaria, 11/1983, do 25 de agosto.

Título III

Das operacións financeiras

Capítulo I

Avales

Artigo 21. Avales.

1. A Comunidade Autónoma durante o exercicio de 1989 poderá avalar operacións de crédito ou pagamento aprazado e plans de investimentos, a favor dos seus organismos autónomos, empresas públicas ou participadas, Corporacións Locais sitas no seu territorio ou empresas privadas, por un importe máximo de cinco mil millóns de pesetas e nos termos legais establecidos a continuación e nos regulamentarios que se establezan.

2. Non se lles imputará ós límites indicados no punto 1 o importe dos avales que se presten por motivo de refinanciamento ou substitución de operacións de crédito na medida en que impliquen cancelación de avales anteriormente concedidos.

3. Primeiro aval.

Un primeiro aval ata un importe de 3.500 millóns de pesetas.

a) Os créditos concertados polas Corporacións Locais destinados a financiar proxectos de investimentos.

b) Os créditos ou pagamentos aprazados e plans de investimento concertados polos organismos autónomos, empresas públicas ou participadas, da Comunidade Autónoma de Galicia destinados a financiar proxectos de investimento.

c) Ademais dos avales regulados no indicado nas letras a) e b) anteriores, a Comunidade poderalles conceder nas condicións que regulamentariamente se establezan aval subsidiario ós créditos concertados polas empresas e operacións que se especifican:

1.º) Ós armadores de buques por encargos a empresas do sector naval domiciliadas en Galicia, mentres non sexa tecnicamente posible a constitución de hipoteca naval dos buques en construción.

2.º) Ás empresas que polas súas características específicas ou sectoriais sexan susceptibles de recibir axudas pola Comunidade Autónoma para creación e mantemento de empresas, sempre que os créditos para os que se solicite aval teñan como finalidade o financiamento de investimentos.

3.º) Ás empresas participadas por SODIGA para o financiamen-

to de operacións de igual finalidade e natureza á descrita no punto anterior.

4.º) Ás cooperativas de traballadores autónomos da Comunidade Autónoma, sempre que os créditos para os que se solicite aval teñan a finalidade de financiar operacións de investimentos realizadas polos citados axentes.

5.º) Ás empresas privadas galegas para operacións de prefinanciamento de exportacións.

6.º) Ás Sociedades Anónimas Laborais, cooperativas de traballadores, Sociedades Agrarias de Transformación e outras similares, para operacións de investimentos e, no momento da súa constitución, de saneamento financeiro realizadas polas mesmas.

7.º) Na distribución e adjudicación dos avales regulados neste artigo establécese unha prioridade en función da conxunción dos seguintes criterios:

a) As indicadas no punto 6.º anterior.

b) Iniciativas que supoñan alternativas reais de saída para factorías, empresas ou sectores en crise.

c) Empresas de sectores punta ou potencial relevancia para o desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma.

d) Iniciativas empresariais que supoñan unha maior captación de mercados exteriores.

4. Aval complementario ata 1.500 millóns.

Poderase conceder un aval complementario ó prestado polas Sociedades de Garantía Recíproca galegas que cubra a maior contía solicitada sobre a máxima que estatutariamente lles poden outorgar estas institucións ás empresas privadas domiciliadas na Comunidade Autónoma, e o prestado por outras entidades de crédito e seguro, en créditos que teñan como finalidade o financiamento de investimentos ou de contratos de subministración con empresas públicas ou privadas.

5. A contía dos avales, por beneficiario, non poderá exceder do 5% da cantidade global establecida no número 1 deste artigo. Este límite será do 10% nos avales que se poidan conceder ó abeiro do disposto nos números 3.c).2.º e 3.c).3.º deste artigo.

Para os efectos de fixa-los límites establecidos neste número, acumularanse os avales vixentes xa concedidos.

6. Os avales que se concedan ó amparo do disposto nos apartados anteriores garantirán un máximo do 80% final da contía da operación para a que se concede o aval, agás os que se concedan ó abeiro do previsto no número 3.c).2.º e 3.c).3.º e no número 3.c).6.º, que poderán garanti-lo total da operación.

7. O Goberno comunicaralle á Comisión de Economía, Facenda e

Presupostos, con periodicidade trimestral, o importe e as características dos avales concedidos no presente capítulo.

Artigo 22

A Xunta de Galicia poderá avala, sen límite de contía, as emisións de bonos ou obrigas realizadas por sectores económicos ou empresariais concretos que se adiquen a investimentos reais para a modernización do sector, e que terán a calificación de valores de cotización cualificada. Antes de proceder á súa emisión, o sector interesado deberá face-la distribución de responsabilidades entre os seus membros ata o límite do 80% da emisión.

Capítulo II

Operacións de crédito

Artigo 23. Operacións de crédito.

1. Autorízase ó Consello da Xunta para que, por proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, proceda, tanto no interior coma no exterior, a emitir Débeda Pública da Comunidade, negociable ou non negociable, así como a concertar con institucións financeiras operacións de crédito amortizable por prazo superior a un ano ata un importe máximo de 26.000 millóns de pesetas.

2. Autorízase ó Conselleiro de Economía e Facenda para que:

a) Sinala o tipo de interese, condicións, beneficios fiscais legal-

mente establecidos e demais características das operacións de endebedamento indicadas no número anterior e formalice, se é o caso, en representación da Comunidade Autónoma, tales operacións, adaptándose sempre que sexa preciso ás prácticas financeiras que xurdan da evolución dos mercados financeiros.

b) Proceda, ó abeiro do disposto nas respectivas normas de emisión ou contratación, ó reembolso anticipado de emisións de Débeda da Comunidade Autónoma ou de créditos recibidos, ou á revisión dalgunha das súas condicións, cando a situación do mercado ou outras circunstancias así o aconsellen.

c) Concerte operacións de cambio, conversión, prórroga ou intercambio financeiro, relativas a operacións de crédito existentes con anterioridade, para obter un menor custo ou unha mellor distribución da carga financeira ou prevendo os posibles efectos derivados das fluctuacións nas condicións de mercado.

3. As operacións que se realicen ó abeiro da autorización á que fai referencia o número 1 deste artigo poderanse formalizar no transcurso de 1990.

4. A Xunta comunicarlle á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento de Galicia, con periodicidade trimestral, o importe e as características principais das operacións de

crédito realizadas ó abeiro das autorizacións contidas neste artigo.

Artigo 24. Débeda da Tesourería.

Durante o exercicio de 1989, o Goberno, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, poderá emitir Débeda da Tesourería ou concertar operacións de crédito con termo de reembolso igual ou inferior a un ano por un importe máximo do 10% da participación nos ingresos do Estado, destinado a atender necesidades transitorias de Tesourería.

Título IV

Normas tributarias

Capítulo único

Tributos propios

Artigo 25. Taxas.

1. Elévanse os tipos de taxas de contía fixa, por prestación de servizos e por realización das actividades a que se refire o artigo 7.2 da LOFCA, ata a cantidade que resulta da aplicación do coeficiente do 1,05 ás contías actualmente esixibles.

2. Para os efectos do apartado anterior considéranse taxas de contía fixa aquelas nas que a cuota tributaria non estea fixada nunha porcentaxe da base ou esta non se valore en unidades monetarias.

Título V

Dos procedementos de xestión presupostaria

Capítulo único

Dos procedementos de xestión presupostaria

Artigo 26. Contía mínima de aprobación de gastos de investimentos polo Consello da Xunta.

1. A realización de gastos de investimento de calquera natureza, en contía superior a 500 millóns de pesetas, requirirá a aprobación do Consello da Xunta.

2. A aprobación á que se refire o parágrafo anterior implica a autorización do Consello da Xunta para contratar.

3. Autorízaselles ós órganos de contratación, con carácter xeral, a tramitación urxente, prevista no artigo 26 da Lei de Contratos do Estado, para a contratación de obras de ata 500 millóns de pesetas, aínda que o prazo de presentación de proposicións non será inferior a 15 días.

4. Para os efectos do establecido neste artigo son órganos de contratación da Xunta as respectivas Consellerías.

Artigo 27. Contratación directa de obras.

1. O Consello da Xunta, por proposta das Consellerías interesadas, poderá autoriza-la contrata-

ción directa de proxectos de obras que se inicien durante o exercicio de 1989, calquera que sexa a orixe dos fondos, cando o presuposto das mesmas exceda de 25.000.000 de pesetas e non supere os 50.000.000 de pesetas.

2. A contratación directa das obras farase baixo os principios de obxectividade, publicidade e concorrencia, e os proxectos deberanse referir a obras completas, sen que os obxectos dos contratos poidan fraccionarse en partes ou grupos.

3. Terán a consideración de gastos menores, para a tramitación dos cales non se precisará a formación de expedientes de contratación, aqueles que teñen unha contía, unha vez xustificada a existencia do crédito, non superior a 1.000.000 de pesetas, podendo substituírse o documento contractual por xustificante correspondente.

4. O conxunto das contratacións directas do Capítulo VI non poderá superar en cada Sección o 20% dos créditos presupostados.

5. Durante os primeiros quince días dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, a Xunta de Galicia remitiralle á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos a relación de expedientes tramitados ó amparo do presente artigo no trimestre anterior.

Artigo 28. Outros gastos de investimento.

1. Coa finalidade de apoia-los investimentos que se vaian reali-

zar na creación de novas empresas ou na súa ampliación ou modernización, o Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, poderá adquirir compromisos de gastos que se poidan estender a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, que consistan en axudas para apoio financeiro ou en subvencións ós investimentos que realicen as empresas.

2. Por acordo do Consello da Xunta, adoptado mediante o procedemento descrito no número 1 anterior, poderanse adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual cando se trate de adquisicións de vivendas para a calificación de promoción pública, de adquisición de terreos para a construción de vivendas de protección oficial, de concesión de préstamos para a promoción de vivendas mediante convenios, para axudas económicas persoais e para o apoio financeiro a vivendas sociais, así como de concesión de subvencións para subsidiación de intereses de préstamos para vivendas de protección oficial.

3. A Xunta daralle conta trimestralmente á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos de tódalas operacións que se realicen ó abeiro do presente artigo.

Disposición adicional primeira

As dotacións presupostarias da Sección 01, Parlamento, librarán-

se en firme e periodicamente a nome do mesmo, a medida que este o requira, e non estarán suxeitas a ningún tipo de xustificación ante o Goberno Autónomo.

Os documentos contables que se expidan no ámbito de xestión para facer efectivas as dotacións presupostarias a favor do Parlamento de Galicia serán propostos e autorizados pola Consellería de Economía e Facenda.

Disposición adicional segunda

Mantense a vixencia dos artigos 10 «Pagamentos que hai que xustificar», 11 «Da ordenación de pagamentos», 12 «Liquidación de Presuposto» e 13 «Obrigas de exercicios pechados e imputación de créditos» da Lei 1/1986, do 29 de outubro, dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1986.

Disposición adicional terceira

As subvencións concedidas con cargo ó Capítulo IV dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma poderán acadar a fase «O» en contabilidade co carácter de «que hai que xustificar» no momento en que exista resolución firme que autorice a súa adxudicación ós beneficiarios. En caso de non satisfacerse antes do pechamento do exercicio, pasará con tal carácter a formar parte da relación de acredores.

Disposición adicional cuarta

Para poder dispoñer dos fondos incluídos na partida presupostaria

de «Estudios e traballos técnicos» será precisa a previa aprobación polo Consello da Xunta, por proposta do Conselleiro respectivo, sempre e cando a contía de cada proposta individualizada de gasto supere os 3 millóns de pesetas.

Disposición adicional quinta

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, e por iniciativa da Consellería de Ordenación do Territorio, poderá autoriza-la aplicación ó Presuposto de Ingresos do organismo autónomo de carácter industrial e financeiro Instituto Galego da Vivenda e Solo dos saldos que se produzan como consecuencia de fianzas de alugueiros urbanos e subministracións a que se refire o Decreto do 11 de marzo de 1949.

Os ingresos autorizados xerarán crédito no programa de promoción e administración de vivendas.

Disposición adicional sexta

O presuposto dos servicios tras-pasados do Instituto Nacional de Servicios Sociais (INSERSO) axustarase ás normas sinaladas na letra E do anexo I do Real Decreto 258/1985, e seralle aplicable, ademais do expresamente establecido nesta Lei, o previsto nos artigos 149 e 150 da Lei 11/1977, do 4 de xaneiro, Xeral Presupostaria.

Disposición adicional sétima

1. A concesión de axudas e subvencións con cargo ós créditos dos

capítulos de transferencias correntes e de capital consignados nos Presupostos da Comunidade Autónoma farase conforme a criterios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

2. Polo que respecta ás transferencias correntes, poderanse conceder directamente nos seguintes supostos:

a) As que se recollan expresamente con carácter nominativo na Lei de Presupostos, entendendo como tales aquelas en que o destinatario figure inequivocamente nos anexos correspondentes da presente Lei.

b) As que derivadas de convenios da Comunidade Autónoma con outros entes públicos e privados supoñan a afectación do crédito.

c) Aquelas que non estando incluídas nos puntos anteriores non excedan de un millón por beneficiario e ano, sempre que as concedidas por cada Consellería non superen globalmente os dez millóns de pesetas no exercicio. No que respecta á Sección presupostaria número 04, servico 01, Secretaría Xeral do Presidente, as cantidades antes mencionadas serán de tres e vinte millóns de pesetas, respectivamente.

d) As que superen calquera dos límites previstos no apartado c) e que polo seu obxecto non lles sexan aplicables os principios de publicidade e concorrencia deberán ser concedidas por acordo

motivado do Consello, dándolle conta á Comisión correspondente do Parlamento de Galicia.

Disposición adicional oitava

Durante o exercicio presupostario de 1989, e mentres non se dispoña do instrumento legal axeitado, a Xunta de Galicia procederá, mediante os adecuados mecanismos, a unha coordinación máis eficaz das actividades das catro Deputacións galegas, co obxecto de evitar solapamentos e discriminacións.

Disposición adicional novena

Mantense a vixencia da Disposición Adicional décimo segunda da Lei 2/1988, do 5 de marzo, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1988.

Disposición adicional décima

As subvencións que se deriven do programa de electrificación rural, PLANER, serán destinadas de maneira exclusiva á electrificación dos núcleos rurais. Non se subvencionará, en ningún caso, a electrificación de urbanizacións nin vivendas illadas adicadas a segunda residencia.

Disposición adicional décimo primeira

Por proposta das correspondentes Consellerías, o Conselleiro de Economía e Facenda, vistas as disponibilidades de Tesourería, poderá autorizar anticipos a conta de obras, servicios e subministracións

a partir do asinamento do contrato que perfecciona a adxudicación e coas seguintes condicións:

a) Que o montante do anticipo non excederá nunca de vinte millóns de pesetas (20.000.000) nin poderá ser superior ó 20% do importe que estea pendente de executar con cargo á consignación do exercicio para a devandita obra, servicio ou subministración.

b) Que se garanta mediante aval bancario ou de entidade aseguradora, que se considere suficiente a xuício da Consellería de Economía e Facenda, o cumprimento da obriga ata a data de remate da obra ou entrega do servicio ou subministración polo importe anticipado, quedando obrigado o adxudicatario a formaliza-los trámites e documentos que sexan precisos para ter dereito á liberación do mencionado aval.

Disposición adicional décimo segunda

O artigo 2 da Lei 11/1984, do 11 de decembro, relativa ós traballos de dotación artística en edificios e construcións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, queda modificado no sentido de destinalo 50% do importe que determinan os apartados 1 e 2 do mesmo ó Camiño de Santiago, con iguais fins ós que se refire o artigo 1 da devandita Lei.

Será competencia da Xunta establece-los procedementos precisos para a súa efectividade.

Disposición adicional décimo terceira

Autorízase ó Conselleiro de Economía e Facenda para cancela-las subvencións ó tipo de interese de préstamos concedidos a pequenas e medianas empresas e ó sector productivo agrario con cargo a calquera dos exercicios anteriores, mediante un pagamento dunha soa vez, actualizando o seu importe na data de cancelación ó tipo de interese básico do Banco de España, destinándose necesariamente o devandito importe á amortización do préstamo.

Disposición adicional décimo cuarta

Os artigos e disposicións que a seguir se expresan da Lei 3/1985, do 12 de abril, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, quedarán redactados nos seguintes termos:

«Artigo 18.2 bis

O exercicio dos dereitos de tanto e retracto tendentes á adquisición de bens que se incorporen ó Patrimonio da Comunidade Autónoma correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda, por proposta da Dirección Xeral do Patrimonio e logo de informe da Intervención Xeral.»

«Artigo 40

1. O alleamento de títulos representativos do capital propiedade da Comunidade Autónoma en empresas mercantís ou dos derei-

tos de subscrición que lle correspondan será acordado, aínda cando implique directa ou indirectamente a perda da condición maioritaria ou extinga a participación, polo Consello da Xunta por proposta da Consellería de Economía e Facenda.

2. Os títulos allearanse en Bolsa. Se non tivesen cotización na mesma serán obxecto de subhasta pública, excepto nos casos en que o Consello acorde o alleamento directo como consecuencia das especiais características daqueles.»

«Disposición adicional segunda

O Consello da Xunta de Galicia poderá, a través de Decreto, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, modifica-las contías establecidas nos artigos 25, 26, 34.1 e 2, 35.2 e 36 desta Lei do Patrimonio.»

Disposición adicional décimo quinta

Toda subvención que, con cargo ós Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, vaia destinada a empresas públicas galegas ou participadas pola Comunidade Autónoma requirirá informe previo favorable da Consellería de Economía e Facenda.

Disposición adicional décimo sexta

En todo caso, no que se refire ás subastas con trámite de admisión previa, a Xunta de Galicia, en trá-

mite de urxencia, remitiralle ó Parlamento unha iniciativa lexislativa tendente a recoller nos grandes sectores económicos a peculiaridade das empresas galegas concorrentes, e que sirva para solve-las graves dificultades que na actividade teñen para supera-las fases previas dos anteditos concursos.

Disposición transitoria primeira

Os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, que desempeñen postos de traballo para os que aínda non se aprobou a aplicación do rexime retributivo previsto na devandita Lei, e ata tanto non se dispoña o contrario nos acordos do Consello da Xunta que aproben a citada aplicación, percibirán as retribucións correspondentes a 1988, na mesma estrutura retributiva e con suxeción á normativa vixente no devandito exercicio, incrementada a contía das diferentes retribucións básicas e complementarias nun 4%, a igualdade de postos de traballo, tendo en conta que as retribucións que tivesen o carácter de absorbibles por melloras ou incrementos se rexerán pola súa normativa específica ata a aplicación do novo rexime retributivo.

As pagas extraordinarias devengarase de acordo co previsto no artigo 15 da presente Lei.

En tanto non se aproben os postos de traballo e na medida en que

o Consello da Xunta vaia determinando, se é o caso, os complementos específicos a que se refire o artigo 8, manteranse en vigor os anexos do persoal dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, e as súas modificacións efectuaranse polo procedemento sinalado no artigo 19 da presente Lei.

Disposición transitoria segunda

Os funcionarios interinos e contratados administrativos que desempeñen postos de traballo para os que aínda non se aprobou a aplicación do rexime retributivo previsto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, experimentarán un incremento retributivo do 4% con respecto ás retribucións recoñecidas no ano 1988 e de conformidade coa estrutura retributiva que se aplicou nese ano e coa equiparación prevista para as retribucións básicas no artigo 12 desta Lei.

Disposición transitoria terceira

En tanto non se produza o nomeamento e a constitución dos órganos de goberno e administración regulados nos artigos 5 e seguintes da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, fáchase ó Conselleiro da Presidencia e Administración Pública para xestionar os créditos presupostarios que figuran na Sección 04, Consellería da Presidencia e Administración Pública, para financiamento do citado organismo, coa mesma finalidade e estrutura económica cá que figu-

ra no presuposto do organismo autónomo citado.

No prazo de seis meses poñeráse en marcha a Escola Galega de Administración Pública.

Disposición transitoria cuarta

No caso dos bens traspasados á Comunidade Autónoma polos distintos organismos autónomos que estivesen ou estean adscritos ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación da Administración Central do Estado coa finalidade de devolvelos ó tráfico xurídico privado, corresponderalle a súa xestión, administración, conservación e disposición á Consellería de Agricultura, sen prexuício do informe previo da Consellería de Economía e Facenda sobre todo acto de disposición e de que esta mesma Consellería proceda á súa inscrición rexistral a nome da Comunidade Autónoma.

Disposición transitoria quinta

Durante o ano 1989 o Goberno presentará no Parlamento o Proxecto de Lei de Taxas.

Disposición derradeira primeira

Autorízase á Consellería de Economía e Facenda para que efectúe no Presuposto de Gastos da Comunidade Autónoma as adaptacións técnicas que procedan tanto como consecuencia de reorganizacións administrativas coma por aplicación do novo sistema retributivo, co fin de crea-los pro-

gramas, as seccións, os servicios e mailos conceptos presupostarios que sexan necesarios e autorízalas transferencias de crédito correspondentes. Estas operacións, en ningún caso, darán lugar a un incremento de gasto.

Informarase de todas elas á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento dentro do mes en que aquelas se produci- sen.

Disposición derradeira segunda

A presente Lei seralles aplicable ós organismos autónomos que se poidan crear e ó seu correspondente presuposto, que esixirá para a súa efectividade a debida aprobación parlamentaria.

Disposición derradeira terceira

A Xunta dictará, por proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución de canto se prevén nesta Lei, que entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1989.

(3)

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 1988

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente

(3) O anexo incorporado nesta lei non se reproduce nesta edición.